



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 8 de outubro de 2018), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a Un (1) pai/nai. O Consello Escolar do Centro ten tres (3) representantes do sector pais/naís. Un representante de pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016. O terceiro representante é proposto pola A.N.P.A.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 13:00 horas do día 14 de novembro..

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 13:00 horas do día 19 de novembro.

4.-O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/naís que non se presenten como candidatos, o día 20 de novembro, ás 11:50 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/naís ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 20 ao 27 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As **votacións** realizaranse neste Centro Público Integrado o día (xoves) **29 de novembro**. Para facilitar a votación, o horario estará distribuído nas seguintes quendas: de 08:45 a 10:00 horas; de 13:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 18:00 horas. A urna de votación quedará precintada e gardada en dirección entre quenda e quenda para garantir a pureza do sufraxio; no precinto asinarán os membros da mesa electoral e non se desprezará ata que a mesa o autorice. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:30 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar **UN** nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 6 de novembro de 2018



A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: M<sup>a</sup> ISABEL HERMIDA RODRÍGUEZ